

Xoves, 20 de agosto de 2026

Núm. 159

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****CERDEDO COTOBADE****Ordenanzas e Regulamentos***APROBACIÓN DEFINITIVA PROTOCOLO COLONIAS FELINAS CONCELLO DE CERDEDO COTOBADE**ANUNCIO DA APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROTOCOLO DE XESTIÓN DE COLONIAS FELINAS DO CONCELLO DE CERDEDO COTOBADE.*

Aprobado inicialmente o Programa de Xestión de Colonias Felinas, por Resolución de Alcaldía de data 13.07.2026 e sometido o expediente a información pública mediante anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Cerdedo Cotobade así como no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 133 do 15.07.2026, e non habéndose presentado alegacións no prazo establecido, queda aprobado definitivamente por Resolución da Alcaldía de data 18.08.2026 o Programa de Xestión de Colonias Felinas do Concello de Cerdedo Cotobade, procedendo á publicación do texto íntegro do devandito protocolo para xeral coñecemento.

Cerdedo Cotobade,

O alcalde

Jorge Cubela López

*ANEXO**PROTOCOLO MUNICIPAL DE XESTIÓN DE COLONIAS FELINAS
CONCELLO CERDEDO COTOBADE
“PLAN MININOS”***1.— INTRODUCCIÓN**

A entrada en vigor da Lei 7/2023, do 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos animais, supuxo un cambio estrutural na xestión das poboacións felinas en España. Esta normativa reconece a figura do gato comunitario e establece a obrigatoriedade de que as entidades locais desenvolvan programas de xestión de colonias felinas, co obxectivo de garantir o benestar destes animais, a progresiva redución de colonias felinas e gatos comunitarios, preservando no proceso a súa natureza e o seu vínculo co territorio e evitando no posible, as afectacións que poidan causar á convivencia e ó contorno.

Por este motivo, faise necesario establecer un protocolo para a autorización, rexistro e xestión das colonias felinas por parte dos servizos municipais implicados.



Xoves, 20 de agosto de 2026

Núm. 159

2.— OBXECTO

O Protocolo de Xestión de Colonias Felinas do Concello de Cerdedo Cotobade “Plan Mininos” ten como finalidade establecer un modelo de intervención ético e técnicamente fundamentado, que permita xestionar de maneira efectiva as poboacións de gatos comunitarios en aplicación do disposto no capítulo VI do título II da Lei 7/2023, do 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos animais

En concreto, o Art. 39 da Lei 7/2023 indica que “en ausencia doutra previsión na lexislación autonómica, e respectando o ámbito das competencias establecido pola lexislación vixente, correspóndelles ás entidades locais a xestión dos gatos comunitarios, para cuxos efectos deberán desenvolver programas de xestión de colonias felinas”.

Os obxectivos específicos do programa son os seguintes:

1. Reducir progresivamente a poboación de gatos comunitarios mediante a aplicación planificada do método CER (Captura, Esterilización e Retorno), con criterios de eficiencia, eficacia e benestar animal.
2. Favorece-la convivencia e minimiza-los posibles conflitos veciñais relacionados coa presenza de colonias felinas.
3. Mellorar as condicións sanitarias e de benestar dos gatos comunitarios e a súa protección, regulando a súa alimentación e mantendo un contorno hixiénico.
4. Controlar a entrada de novos individuos nas colonias mediante o seguimento activo das colonias felinas e a promoción da tenza responsable de animais que viven en fogares.
5. Regular a figura das persoas coidadoras, asegurando a súa formación e acreditación.
6. Establecer un sistema de rexistro e xeolocalización de colonias, así como un censo dinámico de gatos comunitarios, que permita o seguimento, avaliación e mellora contínua do programa.
7. Desenvolver campañas de concienciación e educación cidadá para fomentar o respecto cara aos animais, combatir o abandono e promover a participación activa no programa.
8. Establecer mecanismos de avaliación e mellora contínua mediante indicadores de seguimento, informes periódicos e revisión técnica do programa.

A prioridade e o método de traballo será sempre lograr a mellora das condicións das colonias felinas e facilitar a convivencia entre veciñanza e animais.

3.— ÁMBITO DE APLICACIÓN

Este programa levarase a cabo en todo o término municipal e terá unha duración indefinida para lograr os obxectivos anteriormente mencionados.

O método CER implementarase progresivamente en tódalas colonias felinas do concello de Cerdedo Cotobade, así declaradas.



Xoves, 20 de agosto de 2026

Núm. 159

En ningún caso se atenderán gatos procedentes de particulares, salvo que vaguen perdidos (e neste caso intentarase atopar ao seu responsable legal ou buscarlle adopción), así como grupos de animais que poidan ter consideración de acumulacións non controladas por parte de particulares.

Na actualidade non existe como tal, un censo de colonias felinas, pero sí hai constancia da existencia de varias colonias espalladas polo termo municipal de Cerdedo Cotobade a través de informacións facilitadas pola propia veciñanza.

4.— DEFINICIÓNS

Para os efectos deste protocolo de xestión de colonias felinas, e en base ás definicións da Lei 7/2023.

- a) CER: método de xestión que inclúe a captura, esterilización e retorno de gatos comunitarios a través de medios non lesivos para os animais.
- b) Colonia felina: grupo de gatos da especie *Felis catus*, que viven en estado de liberdade ou semiliberdade, que non poden ser abordados ou mantidos con facilidade polos seres humanos debido ao seu baixo ou nulo grao de socialización, pero que desenvolven a súa vida arredor destes para a súa subsistencia.
- c) Coidador/a de colonia felina: persoa, debidamente autorizada, que atende aos gatos pertencentes a unha colonia, seguindo un método de xestión de colonias felinas, sen que se poida considerar persoa titular ou responsable dos gatos que a compoñen.
- d) Entidades de protección animal: aquelas entidades sen ánimo de lucro, que desenvolvan calquera actividade de coidado, rescate, rehabilitación, busca de adopción de animais, xestión de colonias felinas, concienciación en tenza responsable ou defensa xurídica dos animais, inscritas no Rexistro de Entidades de Protección Animal de conformidade co disposto nesta lei 7/2023
- e) Gato comunitario: aquel individuo da especie *Felis catus* que vive en liberdade, pero vinculado a un territorio, e que non pode ser abordado ou mantido con facilidade polos seres humanos debido ao seu baixo ou nulo grao de socialización, pero que desenvolve a súa vida arredor destes para a súa subsistencia.
- f) Xestión de colonias felinas: procedemento normalizado, acorde ó desenvolvemento regulamentario establecido pola administración competente, mediante o cal un grupo de gatos comunitarios non adoptables, son alimentados, censados e sometidos a un programa sanitario e de control da poboación tipo CER.
- g) Desprazamento: método polo que, nas condicións excepcionais recollidas na Lei 7/2023, se retira unha colonia felina dunha situación, trasladándose a un novo lugar acondicionado para tal efecto, coa supervisión dun profesional veterinario e respectando o benestar e a saúde dos gatos.



Xoves, 20 de agosto de 2026

Núm. 159

5.— PLAN DE ACTUACIÓN

5.1.— MAPEO E CENSO COLONIAS FELINAS

O punto de partida para unha xestión eficaz de colonias felinas é a realización do censo inicial, trazando no mapa as situacións das colonias. Isto permitirá identificar, rexistrar e analizar a situación actual das colonias de gatos comunitarios existentes no municipio.

Esta fase diagnóstica é esencial para dar prioridade as actuacións, planificar os recursos e establecer criterios técnicos de intervención adecuados.

Indicaranse todos os datos posibles dos felinos que integran as colonias espalladas polo término municipal (incluso si se dispón de unha fotografía) e ditos datos recompilados integraranse nunha base de datos que incluírá, como mínimo, a seguinte información:

- a) Número identificador de colonia
- b) Nome da colonia
- c) Localización
- d) Identificación da persoa responsable e voluntarios colaboradores/coidadores
- e) Número de gatos, diferenciando machos e femias si é posible
- f) Número de animais esterilizados e posible presenza de animais enfermos
- g) Vulnerabilidade da colonia por presenza de peligros potenciais (cans soltos, tráfico, conflitos vecinais...)
- h) Data de alta da colonia no concello

5.2.— PROCEDIMENTO REXISTRO/AUTORIZACIÓN COLONIA FELINA

Mediante o presente procedemento se establecen os criterios e condicións para o rexistro de colonias felinas xestionadas mediante o método CER (Captura, Esterilización e Retorno)

O proceso pode iniciarse a través das seguintes vías:

- A través de solicitude de rexistro de colonia felina (ANEXO I). A solicitude incluírá os datos do solicitante e dos colaboradores propostos, a ubicación da colonia e a súa descrición en canto a número de animais e deberá presentarse a través do Rexistro de Entrada do Concello de Cerdedo Cotobade, ben de forma presencial ou a través da Sede Electrónica.
- De oficio, como consecuencia de queixas ou avisos formulados pola veciñanza ou por calquera entidade, pola existencia de gatos en liberdade sen xestionar nun determinado lugar.

En ambos casos, realizarase unha avaliación consistente nun estudo da zona e do entorno no cal se atopan os animais, número de exemplares existentes, valoración da situación e impacto desta localización, así como a identificación de posibles colaboradores, coa fin de por en marcha o procedemento de autorización de maneira inmediata e exitosa. Feitas as comprobacións



Xoves, 20 de agosto de 2026

Núm. 159

oportunas, o Concello de Cerdedo Cotobade reservarase o dereito de aceptar ou desestimar as solicitudes presentadas.

De ser aprobada, asignaráselle un número de rexistro e serán única y exclusivamente xestores e voluntarios autorizados os encargados do seu coidado e alimentación, xunto co concello de Cerdedo Cotobade e entidades colaboradoras.

Darase prioridade á xestión das colonias con poboacións máis numerosas e nas que exista algunha problemática arredor delas coa fin de acadar con maior rapidez e eficiencia porcentaxes elevados de esterilización, optimizando os recursos humanos e materiais dispoñibles.

O Concello de Cerdedo Cotobade manterá, en todo momento, un Rexistro de Colonias Felinas actualizado.

5.3.— UBICACIÓN COLONIAS FELINAS

No entorno da ubicación das colonias rexistradas, instalaranse casetas de materiais adecuados, que non sexan tóxicos para os animais e que aíslen do clima adverso. Os materiais deberán ser resistentes aos factores climatolóxicos adversos, de fácil limpeza e desinfección. A orografía ou existencia de zonas de cobixo naturais na zona pode facer que non sexa necesario en todas elas. Non é recomendable o uso de material textil (mantas ou toallas...) no seu interior, xa que manteñen o frío e a humidade, conseguindo o efecto contrario ao que se pretende, ademais que podería ser foco de ectoparásitos coma pulgas.

Únicamente se recomendará a reubicación dunha colonia polos seguintes motivos:

- O emprazamento da mesma poña en risco a saúde dos animais (por exemplo, cerca de estradas moi transitadas)
- Emprazamento que conleve molestias municipais e se poña en risco o benestar dos animais e a convivencia.
- Emprazamento que non permita cubrir as necesidades básicas dos animais.

Respetando, na medida do posible, o lugar elexido polos propios gatos, revisarase que a ubicación da colonia non xenere conflitos nin molestias á veciñanza.

Con carácter xeral as colonias felinas poderán ubicarse nos seguintes espazos:

- a) Parques e zonas axardinadas
- b) Vías e espazos públicos
- c) Solares e descampados de titularidade municipal.
- d) Ubicacions de dominio público ou privado

As colonias autorizadas estarán sinalizadas, mediante a instalación de carteis identificativos nos cales indicárase que se trata de unha colonia felina controlada e as indicacións para respetar o benestar dos animais.



Xoves, 20 de agosto de 2026

Núm. 159

CARTEL SINALIZACIÓN



6.— PROXECTO CER

O programa C.E.R. (Captura, Esterilización e Retorno) é a base e a mellor ferramenta para controlar a poboación das colonias felinas e manter a súa saúde. A xestión ética e control das colonias felinas consiste na captura e control sanitario de gatos comunitarios, a súa esterilización e marcaxe, e o seu retorno á colonia de orixe.

Os gatos cénsanse, captúranse, identifícanse, esterilízanse, vacínanse, líbranse de parásitos e por último, retórnanse ao seu lugar de orixe. Todas estas accións débense levar a cabo da forma máis rápida e incruenta posible e sempre respectando ó máximo os parámetros de benestar animal.

O MÉTODO CER permite:

- A xestión e protección das colonias felinas, co obxectivo de reducir progresivamente a poboación de cada colonia.
- Minimizar o estrés dentro do grupo, e por conseguinte reducir as molestias que estas colonias causan á veciñanza.
- Procurar o benestar e a vida digna dos individuos que integran as colonias.
- Axuda a reducir as enfermidades de transmisión felina e a zoonose. As colonias debidamente controladas constitúen unha garantía para a saúde tanto das persoas como dos animais de compañía.
- Diminuír a entrada de animais en centros de acollida e protectoras, facendo descender os custos e a súa saturación.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:HTBPW6CJU6F1H90A



Xoves, 20 de agosto de 2026

Núm. 159

Precísanse varias condicións para ter éxito no desenvolvemento do CER:

- Mínimo unha/dúas persoas coidadoras por colonia.
- A esterilización de todos os gatos da colonia (recoméndase unha taxa de esterilización de polo menos o 75% da poboación para lograr o control da poboación).
- O control estrito do grupo para detectar a aparición de novos gatos (perdidos, abandonados, etc.).
- A adopción/acollida daqueles gatos que sexan sociables con humanos. Os gatos non sociables deberán permanecer na colonia.

As liñas básicas de actuación serán as seguintes:

1. Captura e esterilización de polo menos o 80-90% dos gatos de cada colonia para asegurar os obxectivos formulados, procurando o 100%.
2. Actuar colonia por colonia.
3. Continuar co método de esterilización sobre as colonias contiguas ás xa controladas.
4. Esterilización de todos os gatos da colonia, tanto machos como femias (incluídas xestantes, lactantes e prepúberes), co fin de acadar o antes posible o obxectivo porcentual formulado e optimizar os recursos tanto económicos como humanos.
5. Seguimento da colonia para garantir os resultados actuando sobre os novos individuos.

O progreso das esterilizacións realizadas nas colonias cuantifícase co seguinte baremo:

- No iniciada: 0%
- En proceso: < 70%
- En proceso avanzado: 70-79%
- Controlada (sempre que non quede ningunha femia en reprodución): 80-99%
- Rematada ou pechada, pero en seguimento: 100% dos individuos esterilizados

Nas fases de "Controlada" e " Finalizada ou pechada" o número de individuos da colonia estabilízase e comeza a decrecer.

Para a posta en marcha do MÉTODO CER solicitarase a colaboración da Deputación de Pontevedra, a través do Centro de Acollida e Protección de Animais (CAAN) mediante a sinatura do correspondente convenio, para a captura, transporte e esterilización dos gatos comunitarios das colonias felinas que legalmente se establezcan.

Darase prioridade á xestión das colonias con poboacións máis numerosas e nas que exista algunha problemática arredor delas.

6.1.— CAPTURA

Co obxecto de proceder á debida esterilización así como a outros tratamentos necesarios, os animais deben ser capturados.



Xoves, 20 de agosto de 2026

Núm. 159

O Concello de Cerdedo Cotobade deberá solicitar a colaboración da Unidade de Coordinación Externa (CAAN) a través do procedemento habilitado para o efecto. O Centro de Acollida e Protección de Animais (CAAN), tal e como establece no seu protocolo de actuación, será a encargada de xestionar a loxística da captura, aportando o material necesario, como as gaiolas trampa e no seu caso, o desprazamento ás instalacións. Será esta Unidade a que determinará os obxectivos e condicións da colaboración (xornadas de captura, medios a empregar,...)

As trampas consistirán en gaiolas de contención que se instalarán nunha superficie chan de estancia habitual dos animais e con alimento no seu interior. A alimentación habitual será suspendida 24 horas antes da captura. Realizada a captura, a gaiola cubrirase cunha tea opaca minimizando así o estrés do animal.

As persoas coidadoras das colonias, coordinadas pola unidade externa, serán as encargadas de velar pola correcta actuación e a salvagarda dos gatos capturados, evitando expoñelos a tempos excesivos dentro da gaiola de captura ou a un estrés innecesario.

Os gatos levaranse ao centro de referencia concertado (CAAN) dentro do horario estipulado e previo coñecemento do persoal veterinario do centro.

6.2.— ESTERILIZACIÓN

O centro de referencia, mediante facultativo autorizado, procederá á esterilización de dos gatos trasladados sempre e cando o estado dos animais sexa adecuado. Practicarase a orquiectomía en machos e a ovariosterectomía en femias, sempre baixo anestesia xeral. A esterilización dos felinos prepúberes realizarase aproximadamente aos 4 meses de vida, e en todo caso, e segundo o recollido na lei, realizarase a intervención antes dos 6 meses de idade. A esterilización ten que ser realizada por un facultativo colexiado cunhas garantías técnicas que aseguren a inocuidade do procedemento.

A tódolos gatos das colonias, no momento da esterilización, implantaráselle un microchip identificador que se rexistrará a nome do Concello de Cerdedo Cotobade no Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía (REGIAC) e procederase á marcaxe auricular dos gatos (extirpando o cuarto superior esquerdo da orella das femias e o dereito da orella dos machos) e á súa desparasitación.

A esterilización unicamente será realizada sobre animais sans, segundo criterio dos profesionais veterinarios, non se poderán remitir animais enfermos ou feridos.

6.3.— RETORNO

Os animais, unha vez recuperados, serán retornados á colonia felina de orixe, no mesmo lugar da captura si é posible, nun período máximo de 24-72 horas, agás no caso das excepción previstas na Lei 7/2023, do 23 de marzo.

O traslado realizarase na mesma gaiola utilizada durante a custodia no centro veterinario, mantendo as mesmas precaucións.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:HTBPW6CJU6F1H90A



Xoves, 20 de agosto de 2026

Núm. 159

O gato unha vez esté completamente desperto, poderá ser liberado. A liberación farase nun entorno tranquilo, seguro e afastado de riscos. A gaiola colocárase no chan e esperarase a que o animal saia por si mesmo, sen forzalo.

Os/as voluntarios/as da colonia do animal esterilizado serán os encargados de vixiar o seu estado de saúde durante o postoperatorio, en caso de observar calquera anomalía, deberá comunicalo ao Concello de Cerdedo Cotobade, e a persoa designada por éste, encargárase do problema e xestionará o traslado do animal ao centro onde se realizou a esterilización para o seu tratamento.

Coa devolución dos animais acompañarase o formulario de entrega, que será facilitado polo centro (CAAN), onde se indicarán o número de gatos atendidos, a súa descrición, os seus datos individuais e as actuacións desenvolvidas.

7.— ALIMENTACIÓN

A alimentación das colonias será responsabilidade das persoas coidadoras rexistradas e adquirida voluntariamente no momento de dar de alta unha colonia. O Concello porá a disposición das persoas voluntarias unha serie de criterios establecidos que se adapten ás necesidades e condicións de cada colonia ou territorio tendo en conta as seguintes consideracións básicas:

- A alimentación debe estar baseada, de forma xeral, en penso seco.
- O uso de alimentación húmida debe reservarse para situacións especiais, como capturas, administración de medicamentos con prescrición veterinaria ou outros.
- O alimento non se deberá depositar directamente sobre o chan, nin en contenedores non axeitados, como follas de periódico, ou bolsas de papel ou plástico. A cantidade de alimento será adecuada ao número de individuos da
- colonia, que se depositará en comederos con depósito ou recipientes estables para non ensuciar a vía pública unha vez queden baleiros.
- A cantidade de alimento débese adecuar ao número de gatos e as condicións da colonia. Antes de añadir comida nova debe observarse o bo estado de conservación do pienso suministrado anteriormente.
- A auga renovarase a diario subministrándose en recipientes de fácil limpeza, colocados de forma integrada no contorno.
- Hai que preservar o pienso e a auga da chuvia e o sol.
- No caso de que se autorice o uso permanente de comederos con depósito ou similares, efectuarase un hixienizado periódico destes, e o seu aspecto e material permitirá a súa integración visual no contorno.

8.— LIMPEZA E DESINFECCIÓN DA CONTORNA

As zonas de alimentación deberán permanecer limpas, sen restos de comida, basuras e outros residuos co obxectivo de non atraer insectos e outros animais.



Xoves, 20 de agosto de 2026

Núm. 159

Os materiais empregados para alimentar aos gatos (bebedeiros e comedeiros) deberán ser lavados con auga e xabón e desinfectados con regularidade. Serán substituídos convenientemente cando o seu estado de conservación así o aconselle.

O terreo e entorno das colonias felinas serán hixienizadas polo equipo de limpeza municipal cando sexa necesario. Durante as tarefas de limpeza das rúas, prestarase especialmente atención a estas zonas, que deberán estar sempre o mais limpas posible, co obxectivo de garantir a salubridade pública, o benestar animal e a adecuada integración das colonias no contorno.

9.— *PERSOAS COIDADORAS DAS COLONIAS FELINAS*

A protección dos animais depende en gran medida da acción da administración, pero o papel das persoas coidadoras é fundamental para asumir a xestión na maior parte das zonas onde habitan os gatos comunitarios.

O artigo 3.p) da Lei 7/2023, do 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos animais define a persoa coidadora de colonia felina como aquela que, debidamente autorizada, atende aos gatos pertencentes a unha colonia, seguindo un

método de xestión de colonias felinas, sen que poida considerarse persoa titular ou responsable dos gatos da mesma.

Aquelas persoas que queiran realizar de maneira altruista actividades de alimentación, coidado de colonias, captura ou rescate de gatos no ámbito territorial do concello de Cerdedo Cotobade, deberán comprometerse mediante sinatura e presentación da correspondente declaración responsable (ANEXO II) e proporcionaráselles un carné identificador.

MODELO CARNÉ IDENTIFICATIVO

	CARNÉ DE COLABORADOR COLONIA FELINA
CARNÉ Nº	
NOME E APELIDOS:	
DNI:	
Nº VOLUNTARIO:	COLONIA:
Este carné é persoal e intransferible, e deberá aportarse, cando se requira, acompañado de outro documento acreditativo. Este carné autoriza a alimentar e axudar a xestionar as colonias de gatos existentes no Concello de Cerdedo Cotobade. En caso de extravío, remítase ao Servizo de Medio Ambiente do Concello de Cerdedo Cotobade.	

Calquera persoa coidadora de colonias felinas poderá cesar en calquera momento por decisión propia. Para renunciar á condición de voluntario deberá comunicalo ao Concello, facendo constar

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:HTBPW6CJU6F1H90A



Xoves, 20 de agosto de 2026

Núm. 159

esta circunstancia por escrito e adxuntando a acreditación recibida. Preferentemente propondrá a unha persoa que lle substitúa. O cese deberá comunicarse con alomenos 8 días de antelación.

As persoas coidadoras recibirán indicacións, por parte do persoal competente, sobre o control, as xestión e o seguimento das colonias felinas.

O Concello de Cerdedo Cotobade manterá actualizada a información sobre as persoas coidadoras a través de un rexistro de persoas coidadoras autorizadas. A xestión dos

datos das persoas designadas estarán sometidos ao previsto en materia de protección de datos de carácter persoal pola lexislación vixente.

9.1.— FUNCÍONS DOS VOLUNTARIOS/AS

- Subministrar alimento (penso seco) e auga limpa e fresca aos gatos da colonia e depositalos nos comedeiros instalados ao efecto.
- Limpar periódicamente as zonas destinadas á alimentación. Deberá evitarse ensuciar as vías e os espazos públicos.
- Capturar os animais para o seu rexistro, desparasitación, esterilización e marcaxe e solta dos mesmos.
- Observar o estado de saúde dos gatos os días posteriores á esterilización.
- Informar ao Concello sobre calquera problema ou incidencia na colonia coa maior brevedade posible.
- Manter unha actitude respetuosa fronte a veciños/as, outros voluntarios/as, funcionarios e profesionais que traballan no proxecto CER.
- Cumprir cos protocolos establecidos neste programa para a implantación, desenvolvemento e mantemento das colonias felinas do concello.
- Seguir as instrucións do Concello de Cerdedo Cotobade en todo momento.
- Os coidadores informarán á maior brevedade posible ao Servizo de Medio Ambiente do Concello de Cerdedo Cotobade de calquera queixa veciñal ao respecto que se produza, coa fin de levar a cabo unha boa xestión da mesma.

9.2.— VIXIANZA E SEGUIMENTO DA COLONIA

A observación continua por parte das persoas colaboradoras é clave para detectar incidencias como gatos enfermos, camadas novas, gatos novos ou maltrato, ademais de coñecer a dinámica e rutinas da colonia para facilitar a súa xestión.

Unha das tarefas durante a vixianza, é a actualización do censo de individuos da colonia; aproveitando a rutina de alimentación para observar as incorporacións novas ou baixas.

As persoas coidadoras deben detectar e xestionar a presenza de alimentadores espontáneos, retirando alimentos inadecuados, limpando os restos e informando sobre as normas do programa.



Xoves, 20 de agosto de 2026

Núm. 159

Calquera incidencia ao respecto (novas incorporacións, animais enfermos,...) deberá ser comunicada ao Concello de Cerdedo Cotobade.

10.— *FUNCÍONS DO CONCELLO*

Corresponden ao Concello de Cerdedo Cotobade e ao servizo municipal competente as seguintes funcións:

- a) Xestionar a creación de novas colonias felinas
- b) Manter actualizado o censo de colonias felinas
- c) Xestionar as autorizacións de coidadores de colonias felinas, decidindo baixo o criterio mais axeitado, tanto a autorización de novos puntos autorizados como o traslado dos existentes cando se estime convinte.
- d) Promover as esterilizacións e tratamentos veterinarios aos que teñan que someterse os gatos das colonias felinas.
- e) Definir e establecer os programas de captura, así como realizar as inspeccións oportunas.
- f) Redacción de convenios coas entidades competentes para a realización das esterilizacións do proxecto CER.
- g) Trámite e xestión de subvencións dirixidas ás entidades locais para o control poboacional das colonias felinas.
- h) Dotar aos coidadores autorizados con un carné físico acreditado.
- i) Realizar campañas informativas e de concienciación cidadá, campañas contra o abandono e fomentar a participación da veciñanza.
- j) Resolver conflitos.
- k) Velar polo cumprimento deste protocolo.

11.— *FUNCÍONS DAS ENTIDADES DE COLABORACIÓN EXTERNA E PROTECCIÓN ANIMAL*

- Colaboración operativa na aplicación do método CER e vixilancia das colonias felinas.
- Apoio loxístico.
- Fomento da implicación e participación da veciñanza no proxecto.
- Colaboración na xestión de campañas de adopción.
- Achegamento de recursos voluntarios adicionais para a mellora das condicións de vida dos gatos comunitarios.

12.— *PROTOCOLO QUEIXAS E CONFLITOS VECIÑAIS*

Cando xurdan queixas ou malestar da veciñanza en relación ás colonias felinas, deberá seguirse o seguinte protocolo de actuación:

- Presentación da queixa por escrito mediante instancia xeral a través do Rexistro Xeral ou Electrónico do Concello de Cerdedo Cotobade.



Xoves, 20 de agosto de 2026

Núm. 159

- Inspeccións oportunas por parte do Concello a efectos de verificación dos feitos que xeneran o conflito.
- Emisión de informe por parte do técnico competente en benestar animal.
- Adopción de acordo por parte do Concello de Cerdedo Cotobade, que primará o criterio técnico por riba dos intereses persoais individuais.

13.— PROTOCOLO GATOS ENFERMOS OU FERIDOS

O obxectivo de este plan é, ademais do control da poboación felina, asegurar o benestar dos gatos comunitarios e a salubridade pública, por elo no caso de que un animal resulte enfermo ou ferido será o voluntario/colaborador da colonia quen deberá comunicalo ao responsable do Concello de Cerdedo Cotobade. O voluntario deberá presentar orzamento veterinario ao Concello e éste deberá autorizar expresamente o procedemento e realizar o pago ao centro. En todo caso, o gato comunitario deberá ser revisado e tratado por un veterinario colexiado.

O Concello de Cerdedo Cotobade en función das disponibilidades orzamentarias poderá subscribir acordos de colaboración con clínicas veterinarias da contorna para atención e xestión de gatos enfermos para o seu diagnóstico, tratamento ou eutanasia, se fose necesario.

14.— PROTOCOLO XESTIÓN EMERXENCIAS

Ante eventos imprevistos que comprometan a integridade dos animais ou o seu entorno, tales como episodios de envenenamentos, agresións ou de epidemias ou brotes infecciosos en colonias, establecerase o seguinte protocolo:

- Comunicación urxente ao Servizo de Medio Ambiente do Concello de Cerdedo Cotobade.
- Captura de emerxencia e evacuación temporal, se procede.
- Coordinación con clínicas veterinarias para atención prioritaria.

15.— CAMPAÑAS CONTRA O ABANDONO

O Concello de Cerdedo Cotobade tomará medidas para concienciar á poboación de que o abandono de animais, sobre todo animais sen esterilizar, é a maior causa de crecemento da poboación felina descontrolado e da importancia do seu control para o benestar animal, a convivencia veciñal, a salubridade e a sanidade pública. O Concello comprométese á realización de campañas en contra do abandono e de fomento de unha tenza responsable dos animais, mediante cartelería e publicacións en redes sociais de comunicacións.

16.— PROHIBICIÓNS

Quedan prohibidas, en relación coas colonias felinas, tódalas actuacións recollidas no artigo 42 da Lei 7/2023, do 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos animais. O incumprimento das normas establecidas acarrearán a sanción correspondente, que dependendo da gravidade da infracción poden ir dende os 500€ e ata os 200.000€ de multa.



Xoves, 20 de agosto de 2026

Núm. 159

17.— EXECUCIÓN E VIXENCIA

Este Plan de xestión será de aplicación a partir da súa entrada en vigor, unha vez aprobado definitivamente e publicado o seu texto íntegro no BOP de Pontevedra e de conformidade co sinalado no artigo 70 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Poderá ser obxecto de adaptacións e modificacións, en caso necesario, e terá unha duración indefinida ata a consecución dos obxectivos establecidos.

Asdo.:

O alcalde,

Jorge Cubela López

(Documento asinado electrónicamente)



Xoves, 20 de agosto de 2026

Núm. 159

ANEXO I. SOLICITUDE REXISTRO COLONIA FELINA**1. DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

Nome e apelidos ou razón

social:.....

DNI/NIF/CIF:.....

.....

Enderezo:.....

.....

Teléfono:Correo

electrónico:.....

2. DATOS DA COLONIA FELINA

Nome da

colonia:.....

....

Ubicación:.....

.....

Nº aproximado de membros na

colonia:.....

Nº femias	Nº machos	Cachorros	Esterilizados

Observacións adicionais (animais enfermos, conflitos vecinais, presenza de
camadas,.....):.....

.....

3. DATOS DAS PERSOAS VOLUNTARIAS DA COLONIA

Nome e apelidos	DNI	Tfno

En Cerdedo Cotobade, a.....de.....de.....

Asdo.:

De acordo á *Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro, de Protección de Datos Personales y Garantía de Derechos Digitales*, o Concello de Cerdedo-Cotobade infórmalle que os seus datos persoais serán incorporados aos nosos ficheiros automatizados ou non coa finalidade de utilizalos para a xestión dos procedementos administrativos e consultas e que son necesarios para atender correctamente a súa solicitude. Os seus datos poderán ser comunicados aos distintos departamentos en que se organiza o Concello e a Administración e Organismos obrigados pola normativa correspondente. Para o correcto funcionamento das funcións propias do Concello e en cumprimento da LSSI, informámoslle que poderá recibir información a través de medios electrónicos e/ou postal. Vostede poderá usar os seus dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición mediante un escrito achegando unha copia do D.N.I. que deberá presentar no Rexistro – Concello de Cerdedo-Cotobade, Chan nº 11, Carballedo, 36.856, Cerdedo-Cotobade (Pontevedra). No caso de producirse algunha modificación dos seus datos, rogamos nolo comunique coa finalidade de manter os seus datos actualizados

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:HTBPW6CJU6F1H90A



Xoves, 20 de agosto de 2026

Núm. 159

**ANEXO II. DECLARACIÓN RESPONSABLE PERSOA COIDADORA DE
COLONIAS FELINAS DO CONCELLO DE CERDEDO COTOBADE****DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

Nome e apelidos ou razón

social:.....

DNI/NIF/CIF:.....

Enderezo:.....

Teléfono:.....Correo Electrónico:.....

Número de colonias que coida:.....

Número de gatos que

coida:.....

INFORMACIÓN DA COLONIA/AS:

Enderezo exacto e coordenadas da situación:.....

A persoa solicitante **DECLARA:**

- 1) Que se ofrece como voluntario/a para xestionar e controlar as colonias felinas que se lle asignen como coidador responsable.
- 2) Que se compromete a cumprir cos procedementos establecidos no Programa de Xestión de Colonias Felinas (Plan Mininos)
- 3) Que se compromete a realizar de forma obrigatoria a formación que se imparta dende o Concello sobre boas prácticas de xestión, alimentación e hixiene.

Por todo elo, **SOLICITA:**

Autorización para ser colaborador/a para a xestión e control de colonias felinas no Concello de Cerdedo Cotobade.

En Cerdedo Cotobade.....de.....de.....

Asdo.:

De acordo á *Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro, de Protección de Datos Personales y Garantía de Derechos Digitales*, o Concello de Cerdedo-Cotobade infórmalle que os seus datos persoais serán incorporados aos nosos ficheiros automatizados ou non coa finalidade de utilízalos para a xestión dos procedementos administrativos e consultas e que son necesarios para atender correctamente a súa solicitude. Os seus datos poderán ser comunicados aos distintos departamentos en que se organiza o Concello e a Administración e Organismos obrigados pola normativa correspondente. Para o correcto funcionamento das funcións propias do Concello e en cumprimento da LSSI, informámoslle que poderá recibir información a través de medios electrónicos e/ou postal. Vostede poderá usar os seus dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición mediante un escrito achegando unha copia do D.N.I. que deberá presentar no Rexistro – Concello de Cerdedo-Cotobade, Chan nº 11, Carballedo, 36.856, Cerdedo-Cotobade (Pontevedra). No caso de producirse algunha modificación dos seus datos, rogamos nolo comunique coa finalidade de manter os seus datos actualizados.



Xoves, 20 de agosto de 2026

Núm. 159

**ANEXO III. AUTORIZACIÓN PARA REXISTRO DE COLONIA FELINA NUN
SOLAR DE PROPIEDAD PRIVADA**

D. Dna.con
DNI..... e enderezo a efectos de notificacións en
..... en representación
de D.Dna.
.....
con DNI..... como propietario/a da parcela situada
en.....

AUTORIZO ao CONCELLO DE CERDEDO COTOBADE para o rexistro da colonia felina existente dentro da parcela da miña propiedade e a súa inclusión no Plan Mininos (Plan de Control e Xestión Ética das Colonias Felinas de Cerdedo Cotobade).

Así mesmo, autorizo aos voluntarios/as autorizados/as para actuar en dita colonia, a procurar alimento e auga contínuos aos gatos da mesma.

Tamén autorizo aos voluntarios/as adscritos ao Plan Mininos do Concello de Cerdedo Cotobade para a colocación de xaulas trampa de captura, para poder levar a cabo o método CER (captura, esterilización e retorno á colonia), para evitar a crecemento descontrolado da poboación felina.

En Cerdedo Cotobade, a.....de.....de
202..

Asdo.: O propietario do solar

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:HTBPW6CJU6F1H90A



Xoves, 20 de agosto de 2026

Núm. 159

ANEXO IV. FICHA CENSAL DE GATO DE COLONIA FELINA

COLONIA FELINA:.....Nº
COLONIA:.....
DIRECCIÓN.....
XESTOR/A.....
NÚMERO DE ORDE DE INDIVIDUO NA COLONIA:.....

DATOS

NOME:.....
SEXO:.....IDADE:.....
COR:.....
CARÁCTER:.....
DATA ENTRADA NA COLONIA.....
Por nacemento ☐ Por abandono ☐
DATA SAÍDA DA COLONIA.....
Por falecemento ☐ Por adopción ☐ Outros (indicar causa).....

Fotografía

DATA CAPTURA (para esterilización):
PESO.....
DATA ESTERILIZACIÓN:..... DATA
RETORNO:.....
MARCAJE:.....VACUNADO:
SI/NON.....
IMPLANTADO CHIP:SI/NON
NÚMERO:.....
OBSERVACIÓNS:.....
.....
.....

DATA E SINATURA

